

## REGULAMENTO

- 1- O Concello de Valdoviño organiza a V Milla Urbana o día 18 de setembro do 2016 en Valdoviño baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Ferrol.
- 2- Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.
- 3- As categorías que forman parte desta proba son as seguintes:

CATEGORÍAS	NADOS/AS
Biberón	2011-2010-2007
Benxamín	2007 - 2008
Alevín	2005 – 2006
Infantil	2003-2004
Cadete	2001 - 2002
Xuvenil	1999 – 2000
Junior	1997 - 1998
Promesa	1994 - 1996
Senior	1982 - 1993
Veterano 1	1977 – 1981
Veterano 2	1967 – 1976
Veterano 3	1957 – 1966
Veterano 4	1956 e anteriores

- 4- As distancias e horarios das probas son as seguintes:

CATEGORIAS	SEXO	HORA	DISTANCIA
Benxamín	Mulleres	11:10	500m
Benxamín	Homes	11:20	500m
Alevín	Mulleres/Homes	11:30	800m
Infantil	Mulleres/Homes	11:40	1000m
Cadete/Xuvenil	Mulleres/Homes	11:50	1609m
Jun/Prom/Sen/Vet1	Mulleres/Homes	12:00	1609m
Vet 2/Vet 3/Vet 4	Mulleres/Homes	12:10	1609m
Biberóns	Mulleres/Homes	12:30	100m

- 5- O percorrido será ao longo do paseo da lagoa nun circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que iranse cubrindo as distancias de cada unha das categorías. O lugar de saída será enfrente a caseta de socorrismo no parque da praia da Frouxeira.
- 6- As inscricións faranse a través da páxina web de Carreiras Galegas, remantando o prazo ás 23:59 horas do xoves 15 de setembro. Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día da proba.
- 7- A retirada de dorsais será o mesmo día da proba na caseta de socorrismo ata media hora antes de cada proba.

- 8- Os premios serán repartidos da seguinte maneira:
- Medallas conmemorativas para todos/as na categoría Biberón.
  - Medallas para aos/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como femeninos dende benxamíns ata veteranás 4.
  - Trofeo ao gañador e a gañadora absoluta da proba, así como ao atleta mais xove e ao máis veterán.
- 9- Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpla as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.
- 10- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.
- 11- As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos
- 12- A organización dispondrá a asistencia sanitaria con ambulancia. Ó finalizar cada carreira haberá servizo de avituallamento para cada participante. A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.
- 13- Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña